


Imos analizar este mapa de presión atmosférica en superficie.

a) O primeiro é **fixarse nos centros de acción** (lembra que 1013 é a presión neutra habitual). Aqueles puntos con menos serán baixas presións (borrascas) e os que as teñan superiores serán altas presións (anticiclóns). Canto máis lonxe do 1013 máis forza ten o centro de acción.

b) A **dirección de xiro** dos centros de acción nos indican de onde ven o aire e a temperatura que vai facer (sur cálido, norte frío, pensa tamén na humidade).

Borrascas: contrario ás agullas do reloxo

Anticiclóns: en sentido de agullas do reloxo (lembra que o anticiclón é mentiroso)



c) **As isobaras** amosan puntos de igual presión, **se están xuntas no mapa indica que hai grande diferencia de presión** en pouco espazo; iso significará **vento forte** (lembra o exemplo de quitar auga da bañeira, o aire sempre ocupa o espazo libre). Se o aire enche os espazos a grande velocidade, iso é un vento forte.

d) **Mira as fronte**s. Os picos azuis indican que unha masa de aire máis frío entra nunha de aire máis quente (é relativo, pode facer frío nos dous lados da raia 7º é menos que 8º). Os redondeles vermello fan ó revés, aire máis quente entra en terreo con aire máis frío. **Ambos provocan choivas**.


Agora contesta á seguintes preguntas:

- 1) Que é unha isobara (busca no libro se é necesario)
- 2) Que é unha fronte (busca no libro se é necesario)
- 3) Dentro das áreas de influencia dos anticiclóns, chove ou fai sol? Por qué?
- 4) Observa o mapa, ¿que está a pasar en Alemaña co tempo atmosférico?
- 4) No mapa que ves arriba, de onde chega o aire á Península Ibérica. ¿Que significa iso para o tempo atmosférico? ¿Chove/sol? ¿que lle pasa ás temperaturas?
- 5) ¿Que está a pasar en Escocia e Irlanda?
- 6) Reflexiona o posible motivo polo que no medio do deserto do Sáhara hai unha borrasca. ¿Terá a temperatura algo que ver co movemento do aire?
- 7) Trata de prever o tempo atmosférico na Península Ibérica para as próximas xornadas.

												Media
10	10	12	15	18	22	24	24	22	18	14	10	17
Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	
50	38	43	57	66	37	25	52	59	97	89	54	667
												Total

Temp.

Precip. mm



Elabora cos datos que tes arriba un climograma:

- A que clima crees que pertence? (Tes que buscar no libro os datos concretos que fan pertencer a un clima ou outro, por exemplo as precipitacións, a oscilación térmica, os máximos ou mínimos...)

- Xustifica a túa resposta? (Elabora un texto no que expliques por qué crees que este climograma pertence a un dominio climático en concreto)

Podes enviar as respostas ou as dúbidas ó seguinte correo electrónico:

coronavirusdejorge@gmail.com